

4. Deberá quedar garantida a independencia do persoal encargado da inspección. A remuneración dun axente non estará en función do número de inspeccións que efectúe nin dos resultados destas.

5. O organismo deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil.

6. O persoal do organismo estará obrigado ao segredo profesional en todo o que chegue a coñecer no exercicio das súas funcións (salvo ante as autoridades administrativas competentes do Estado en que desenvolve a súa actividade) no marco deste real decreto ou de calquera norma de dereito interno pola cal se aplique a Directiva 96/48/CE, do Consello, do 23 de xullo de 1996, relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo de alta velocidade.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

6248 *REAL DECRETO 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional. («BOE» 83, do 7-4-2006.)*

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, dispón que o procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, que se inicia sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente. Non obstante, a citada lei, no seu artigo 22.2.c), establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. As normas especiais reguladoras das ditas subvencións deberanse aprobar por real decreto, por proposta do ministro competente e logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, de conformidade co previsto no artigo 28.2 e 3 da devandita lei.

O Servizo Público de Emprego Estatal e, se é o caso, os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, veñen desenvolvendo distintos programas e medidas integrados nas políticas activas de emprego que teñen como principal obxectivo facilitar as posibilidades de acceso dos desempregados ao mercado de traballo, ben por conta propia ou por conta allea. Nas subvencións dos programas a que se refire este real decreto concorren singulares circunstancias e razóns de interese público, económico e social que dificultan a súa convocatoria pública e xustifican o seu outorgamento en réxime de concesión directa.

O colectivo das persoas con discapacidade, debido ás súas circunstancias persoais e sociais, atópase con máis dificultades para acceder a un emprego. A aplicación do réxime de concorrencia competitiva para a tramitación das axudas que potencian a súa integración laboral nas empresas do mercado normalizado de traballo, nos centros especiais de emprego e nos enclaves laborais, así como das que facilitan o autoemprego, pode supoñer un serio obstáculo para a consecución do dito obxectivo.

Por outra banda, as convocatorias públicas poden obstaculizar a xestión de determinados programas dirixidos á promoción do emprego autónomo. As posibilidades de negocio e a oportunidade de crear unha empresa dependen de moitas variables que dificilmente poden coincidir co ámbito temporal dunha convocatoria que ten uns prazos limitados. Moitos proxectos de autoemprego,

ante a imposibilidade de poder concorrer ás convocatorias, deixarían de contar co financiamento que o programa de promoción do emprego autónomo prevé.

As subvencións consistentes no aboamento de cotas á Seguridade Social dos traballadores que percibiron a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, e que se atopan reguladas na Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 13 de abril de 1994, deben excepcionarse do procedemento en réxime de concorrencia competitiva, posto que se trata dun dereito cuxo recoñecemento está vinculado á obtención da capitalización da prestación por desemprego, de acordo co previsto no Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, polo que se establece o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.

No caso das subvencións concedidas a través da colaboración do Servizo Público de Emprego Estatal co Ministerio de Defensa, no marco dos convenios de colaboración subscritos para a formación ocupacional e inserción profesional dos militares profesionais de tropa e mariñeira cunha relación de servizos de carácter temporal, que se xestionan con cargo á reserva de crédito regulada no artigo 13.e) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, dado que a colaboración se establece entre órganos da mesma Administración pública cuxas actuacións van encamiñadas á consecución dos intereses xerais e por ser o Ministerio de Defensa o único beneficiario destas subvencións, non procede o réxime de concorrencia competitiva.

O Real decreto 939/1997, do 20 de xuño, polo que se regula a afectación, ao programa de fomento do emprego agrario, de créditos para investimentos das administracións públicas nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura e nas zonas rurais deprimidas regula a concesión de subvencións ás corporacións locais situadas nos ditos territorios para a execución de proxectos de interese xeral e social cuxa finalidade é garantir un complemento de renda ou xerar emprego estable para os traballadores eventuais agrarios que teñen dificultades de acceso ao mercado de traballo, de aí a conveniencia da súa concesión directa.

A concesión das bolsas e axudas para os alumnos de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional e as bolsas para os alumnos de proxectos de escolas taller e casas de oficios está vinculada á súa participación neles. Polo tanto, sempre que os alumnos cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora destes programas, a concesión das bolsas e axudas debe producirse de forma inmediata, sen que sexa precisa a súa concorrencia con outros beneficiarios, ao teren todos os alumnos en principio, polo mero feito de o seren, dereito á súa percepción.

Nas subvencións ás empresas pola realización de prácticas nas súas instalacións por parte dos alumnos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, non é precisa a concorrencia con outros beneficiarios, pois as ditas prácticas van sempre anexas a cursos previamente aprobados, concedéndose a subvención sempre que as empresas cumpran cos requisitos establecidos na norma reguladora.

No caso das subvencións concedidas dentro do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional no marco de convenios con compromiso de contratación, a planificación das necesidades de aumento do equipo por parte das entidades subscritoras dos convenios co Servizo Público de Emprego Estatal, depende da evolución do mercado, dificultando por iso a convocatoria pública para subscribilos.

Finalmente, a concesión de prórrogas da subvención por contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local está vinculada á aprobación da subvención pola contratación inicial destes axentes. As corporacións

locais teñen dereito á prórroga da subvención en función do cumprimento dos obxectivos sinalados na memoria-proxecto con base na cal se concedeu a subvención inicial e sempre que xustificasen o gasto do período subvencionado anterior. Non é preciso, polo tanto, que se estableza concorrencia con outros beneficiarios, xa que a concesión sería directa logo de comprobación dos requisitos mencionados.

A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, na reunión do día 30 de xaneiro de 2006, foi informada deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe de Ministerio de Economía e Facenda e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 24 de marzo de 2006,

DISPÓN O:

Artigo 1 *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto autorizar a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, así como establecer as súas normas reguladoras, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 28.2 e 3 da devandita lei, atendendo á singularidade derivada das difíciles circunstancias de integración laboral dos colectivos afectados ou das súas peculiares necesidades formativas, que permiten apreciar a concorrencia de razóns de interese público, económico e social que dificultan a convocatoria pública das referidas subvencións.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As subvencións e axudas a que se será de aplicación este real decreto son as seguintes:

a) Subvencións para o fomento do emprego das persoas con discapacidade, ás cales se refire o capítulo II do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que, en cumprimento da Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego de traballadores minusválidos, desenvolvido por Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 13 abril de 1994.

b) Subvencións para a integración de persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e traballo autónomo, previstas no Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba el Regulamento dos centros especiais de emprego e na Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 16 outubro de 1998, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas e subvencións públicas destinadas ao fomento da integración laboral dos minusválidos en centros especiais de emprego e traballo autónomo.

c) Subvencións para o tránsito do emprego protexido ao emprego no mercado de traballo ordinario, a través dos enclaves laborais, previstas nos artigos 12 e 13 do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade.

d) Subvencións para a promoción do emprego autónomo a que se refire o Programa III da Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 21 de febreiro de 1986, pola que se establecen diversos programas de apoio á creación de emprego, desenvolvida pola Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 22 de marzo de 1994.

e) Subvencións consistentes no aboamento de cotas á Seguridade Social aos perceptores da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, establecidas polo Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, polo que se establece o aboamento da prestación de desemprego na

súa modalidade de pagamento único, desenvolvido pola Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 13 de abril de 1994, e de acordo co previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, modificada polo Real decreto 1413/2005, do 25 de novembro.

f) Subvencións ao Ministerio de Defensa para a formación profesional ocupacional e inserción profesional dos militares profesionais de tropa e mariñeira cunha relación de servizos de carácter temporal, no marco dos convenios de colaboración a que se refire a disposición adicional cuarta do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional.

g) Bolsas e axudas de transporte, manutención e aloxamento para alumnos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional previstas no artigo 6 do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, desenvolvido polos artigos 17 e 18 da Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 13 de abril de 1994.

h) Bolsas para alumnos do programa de escolas taller e casas de oficios, a que se refiren os artigos 5 e 17 da Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 14 de novembro de 2001, pola que se regula o programa de escolas taller e casas de oficios e as unidades de promoción e desenvolvemento e establece as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas aos ditos programas.

i) Subvencións ás corporacións locais pola contratación de determinados traballadores para a execución de proxectos de interese xeral e social afectados ao Programa de Fomento de Emprego Agrario, cuxa finalidade sexa garantir un complemento de renda a través da distribución do emprego dispoñible e, se é o caso, xerar emprego estable.

Estas subvencións concederanse no marco do establecido no Real decreto 939/1997, do 20 de xuño, polo que se regula a afectación, ao programa de fomento do emprego agrario, de créditos para investimentos das administracións públicas nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura e nas zonas rurais deprimidas. Así mesmo, seralles de aplicación, en canto non se opoña á dita norma e a este real decreto, o disposto na Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 26 de outubro de 1998, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito de colaboración coas corporacións locais para a contratación de traballadores desempregados na realización de obras e servizos de interese xeral e social.

j) Subvencións ás empresas para compensar as prácticas profesionais previstas no artigo 4.2 do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, desenvolvido polo artigo 12 da Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 13 de abril de 1994.

k) Subvencións ás entidades públicas ou privadas de formación ou ás empresas para a impartición de accións de formación profesional ocupacional, no marco dos convenios de colaboración que incorporen o compromiso expreso de contratar unha porcentaxe de alumnos formados, de acordo co previsto no artigo 8.2.c) do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, desenvolvido polos artigos 15 e 16 da Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 13 de abril de 1994.

l) Prórroga das subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, a que se refiren os artigos 10.2 e 14 da Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 15 de xullo de 1999, pola que se establecen as bases de concesión de subvencións públicas para o fomento do desenvolvemento local e impulso dos proxectos e empresas cualificados como I+E.

2. As remisións ás normativas reguladoras de subvencións e axudas recollidas no punto anterior entenderase efectuadas, así mesmo, ás normas que as modifiquen ou substitúan, salvo excepción expresa establecida naquelas.

Artigo 3. *Réxime xurídico.*

1. Estas subvencións rexeranse, ademais de polo disposto neste real decreto, polas previsións da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrencia, polas disposicións regulamentarias ditas no seu desenvolvemento e pola Orde TAS/816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecúan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións as normas reguladoras de subvencións que conceda o Servizo Público de Emprego Estatal nos ámbitos de emprego e de formación profesional ocupacional, con excepción do disposto nos seus artigos 4 e 5.

2. As normas citadas no artigo 2 deste real decreto, en canto non se opoñan ao establecido nas sinaladas no punto 1, serán de aplicación aos extremos seguintes:

- a) Obxecto, condicións e finalidade da concesión das subvencións.
- b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención das subvencións e forma de os acreditar.
- c) Modalidades de axuda.
- d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.
- e) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Obrigas dos beneficiarios.
- g) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións e da aplicación dos fondos percibidos.

Artigo 4 *Financiamento.*

1. Os créditos con que se financiarán estas subvencións terán o carácter de fondos de emprego de ámbito nacional, que figurarán no orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal debidamente identificados e desagregados, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

2. A distribución territorial dos créditos correspondentes aos programas dos cales as comunidades autónomas asumisen a xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, o emprego e a formación, así como dos programas de apoio a este, efectuarase de conformidade co procedemento establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. O establecido no punto anterior non será de aplicación nos supostos de programas cuxa xestión estea reservada ao Servizo Público de Emprego Estatal e lle corresponda no exercicio das súas competencias, segundo o disposto no artigo 13.e) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

Artigo 5. *Procedemento de concesión.*

1. O procedemento iniciarase por instancia de parte, mediante solicitude do interesado dirixida ao órgano competente para resolver sobre o outorgamento destas subvencións, en réxime de concesión directa.

Nas subvencións a que se refire o punto 1.i) do artigo 2 a presentación das solicitudes poderá ser precedida dun acto de convocatoria por parte do órgano competente

para resolver, que terá o carácter de orzamento dos distintos procedementos que se inicien posteriormente.

2. A forma en que debe presentarse a solicitude e a documentación que a debe acompañar, a instrución e resolución do procedemento, así como a forma de pagamento axustarase ao previsto nas disposicións a que se refire o artigo 2.

3. O órgano competente notificará a resolución sobre a concesión destas subvencións no prazo de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, salvo nas subvencións a que se refiren os parágrafos a) c) e l) do artigo 2, nas cales o citado prazo será de tres meses.

4. Transcorridos os prazos sinalados no punto anterior sen se notificar resolución expresa, poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude presentada, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 28.2 da citada lei.

Artigo 6. *Reintegro.*

1. Darán lugar á obriga de reintegrar as cantidades percibidas as causas de invalidez da resolución de concesión recollidas no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Tamén procederá o reintegro, total ou parcial, e a exixencia do xuro de mora desde a data do pagamento da subvención ata se acordar a procedencia do seu reintegro, nos supostos previstos no artigo 37 da citada lei, así como nos demais previstos nas disposicións sinaladas no artigo 2 deste real decreto.

2. No caso de incumprimentos parciais o órgano competente determinará a cantidade que deberá reintegrar o beneficiario respondendo ao principio de proporcionalidade en función dos custos xustificadas e as actuacións acreditadas, de conformidade co disposto no número 2 do artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación coa letra n) do punto 3 do artigo 17 da dita lei.

Disposición adicional única. *Comunidades autónomas.*

1. Este real decreto, con excepción do disposto nas letras f) e i) do artigo 2, considérase incluído na relación de normas reguladoras de subvencións concedidas polo Servizo Público de Emprego Estatal, para os efectos establecidos nos correspondentes reais decretos sobre traspaso ás comunidades autónomas da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal (INEM) no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

2. As comunidades autónomas que asumisen o traspaso da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, o emprego e a formación así como dos programas de apoio a este exercerán as funcións que o presente real decreto atribúe ao mencionado Servizo Público de Emprego Estatal e que lles correspondan segundo o disposto nos reais decretos de traspaso. A devandita xestión realizarase de acordo co establecido neste real decreto e nas normas de procedemento e bases reguladoras para a concesión de subvencións que diten as comunidades autónomas para a súa execución en función da súa propia organización.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos procedementos.*

1. Aos procedementos de concesión de subvencións pendentes de resolución na data de entrada en vigor deste real decreto, iniciados a partir da finalización do prazo de adecuación previsto na disposición transitoria primeira da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de sub-

vencións, seralles de aplicación o previsto na Orde TAS/816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecuan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións as normas reguladoras de subvencións que conceda o Servizo Público de Emprego Estatal nos ámbitos de emprego e de formación profesional ocupacional.

2. Os procedementos de concesión de subvencións xa iniciados no momento de entrada en vigor da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións ou durante o prazo de adecuación antes sinalado, rexeranse pola normativa anterior que lles sexa de aplicación, segundo o disposto nos puntos 1 e 2 da disposición transitoria segunda da Lei xeral de subvencións citada.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, as letras d), e) i) e j) do artigo 5 da Orde TAS/816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecuan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as normas reguladoras de subvencións que conceda o Servizo Público de Emprego Estatal nos ámbitos de emprego e de formación profesional ocupacional, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para adoptar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

XEFATURA DO ESTADO

6472 LEI ORGÁNICA 1/2006, do 10 de abril, de reforma da Lei orgánica 5/1982, do 1 de xullo, de Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana («BOE» 86, do 11-4-2006).

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Comunitat Valenciana xurdiu como consecuencia da manifestación da vontade autonómica do pobo das provincias valencianas, despois da etapa preautonómica, á cal accedeu en virtude do Real decreto lei 10/1978, de creación do Consell do País Valenciano.

Aprobada a Constitución española, foi no seu marco onde a tradición valenciana proveniente do histórico Reino de Valencia se encontrou coa concepción moderna do País Valenciano e deu orixe á autonomía valenciana, como integradora das dúas correntes de opinión que enmarcan todo aquilo que é valenciano nun concepto cultural propio no estricto marco xeográfico que alcanza.

O Estatuto de autonomía da Comunitat Valenciana, promulgado pola Lei orgánica 5/1982, do primeiro de xullo, foi froito do consenso das principais forzas políticas valencianas que quixeron recuperar o autogoberno do noso pobo, facendo uso do dereito á autonomía que a Constitución española recoñece a toda nacionalidade. A pesar de que a vía pola cal o pobo valenciano accedeu á autonomía foi unha vía intermedia entre as dos artigos 143 e 151 da Constitución, o noso Estatuto garantiu, como norma institucional básica da Comunitat Valenciana, a recuperación do autogoberno do pobo valenciano e as súas institucións, exercendo as competencias asumidas dentro do marco constitucional, como corresponde á súa condición de nacionalidade histórica.

É asumido por todas as valencianas e todos os valencianos que, desde que o noso Estatuto se aprobou, o desenvolvemento político, económico, cultural e social da Comunitat Valenciana xerou un innegable progreso a todas as persoas que nela residen. Gozar dun ordenamento xurídico propio, froito da importante actividade lexislativa de Les Corts e do exercicio da potestade regulamentaria do Consell, xerou un desenvolvemento institucional que permitiu o autogoberno e a afirmación da súa identidade.

Pasaron máis de vinte e dous anos desde a aprobación do noso Estatuto e é o momento de facer unha reforma necesaria. É necesaria porque adaptar o noso Estatuto á realidade actual da Comunitat Valenciana é mellorar a calidade de vida das valencianas e dos valencianos aos novos tempos, e así o demandan.

Nestes vinte e dous anos o Estatuto de autonomía da Comunitat Valenciana demostrou de sobra a súa validez e efectividade. Ata este momento, Les Corts levaron a cabo dúas reformas do Estatuto de autonomía da Comunitat Valenciana. A primeira delas mediante a Lei orgánica 4/1991, do 13 de marzo, que modificaba o artigo 12.4, determinaba que a data para celebrar as eleccións autonómicas sería o cuarto domingo de maio. A segunda e última reforma, mediante a Lei orgánica 5/1994, do 24 de marzo, supuxo a inclusión dunha nova disposición adicional terceira que expresaba que «todas as competencias atribuídas por este estatuto quedan incorporadas plenamente e son asumidas con carácter estatutario pola Generalitat Valenciana». Ao mesmo tempo derrogábanse as disposicións transitorias primeira e segunda que facían referencia á validación competencial. Tamén, ao mesmo tempo, se derogaba, mediante a Lei orgánica 12/1994, do 24 de marzo, aprobada en Les Corts, e posteriormente nas Cortes Xerais, a Lei orgánica 12/1982, do 10 de agosto, de transferencias á Comunitat Valenciana de competencias en materia de titularidade estatal, LOTRAVA.

Agora o que se pretende, mediante esta proposición de lei de Les Corts, é facer unha reforma de moito máis calado, unha reforma substancial que permita dispoñer dun Estatuto que, dentro do marco constitucional, estea equiparado ao máis alto nivel. A realidade vixente é moi distinta á do ano 1982, cando se aprobou o Estatuto de autonomía da Comunitat Valenciana. Por iso é necesario que se incorporen aquelas competencias, acompañadas